

o home que nunca se rendeu

Un conto adicado a Ricardo Carballo Calero.

Nunha casa abandonada no medio do Ferrol Vello no seo dunha familia humilde nacía un pequeno pícaro de nome Ricardo.

Como calquera neno da súa idade, correteaba e facía falcatruadas polas calles da súa vila, aínda que a súa nai non lle gustara e lle zoscara.

Este neno foi medrando e converteuse nun gran home que decidiu estudar o bacharelato en Ferrol.

A Ricardo encantáballe falar galego, cousa que na súa casa era unha lingua prohibida, polo que decidiu facer as maletas e marchar a Santiago e seguir estudando.

Na capital galega, foise rodeando de xente que lle gustaba falar galego igual que a el e xuntos decidiron formar un equipo para que esta lingua saíra adiante.

Está loita polo galego fíxolle chegar a ser detido e condenado a 12 anos de cadea, pero o noso amigo Ricardo que era un home que nunca se rendeu comezou a facer poemas e historias no idioma que sempre amou, o galego.

As súas obras volvéronse moi famosas, pero el seguiu estudando, tanto que conseguiu ser catedrático de literatura galega.

Á súa familia, vendo todo o que logrou, xa non lle importaba tanto o idioma no que falara, senón que o apelido familiar xa tiña sona en tódolos recunchos máis alá do Ferrol Vello.

Anos máis tarde, Ricardo conseguiu unha das súas maiores ilusións, ser membro da Real Academia Galega. Ese día do nomeamento rodeado da súa familia e amigos, con bágoas nos ollos agradecía e recordaba a todos os que creron nel que sempre hai que perseguir aquilo que se soña.

E o seu soño, que coñecemos todos, era falar en galego.

Este conto é un resumo breve da vida de Ricardo Carballo Calero ou como el quería que lle chamaran Ricardo Carvalho Calero.

Como podedes ver era un home que loitaba polo que pensaba, como deberíamos facer todos.